



Confederación Intersindical Galega

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA**Reunión da Comisión Permanente de Saúde Laboral****Reunión da Comisión Permanente de Saúde Laboral**

Onte tivemos xuntanza en Madrid da Comisión Permanente de Saúde Laboral. Entre outros asuntos tratamos as seguintes cuestións:

Posta en marcha do procedemento "Prosal 1401":

Tratase dun procedemento moi concreto e abreviado, que aínda non esta pechado, indicado e dirixido a traballadores especialmente sensibles, para a toma de decisións que poidan mellorar a súa saúde laboral. Aínda está nunha primeira fase e ten moito que ver cos diversos requerimentos que, desde a Inspección de Traballo, vén recibindo á AEAT desde hai moito tempo. Facendo unha primeira análise, desde a CIG consideramos que, por razóns de confidencialidade, non é axeitado que este prosal chegue primeiro á unidade de RRHH en lugar de ir directamente ao servizo de prevención; tampouco vemos adecuado que neste primeiro borrador non se marquen prazos para xestionalo nin prazos para resolvelo. Para nós é moi importante que as medidas para paliar a problemática dos traballadores especialmente sensibles se tomen canto antes e para iso vemos necesario marcar uns prazos pechados de cada fase.

Riscos psicosociais:

Despois de moitos anos loitando para que a AEAT tome en consideración os riscos psicosociais e pedíndo a avaliación de riscos psicosociais para todos os traballadores, por fin ponse en marcha un mecanismo adecuado. Desde Norprevención vaise contactar con todos os traballadores para realizar unha enquisa de avaliación de riscos, enquisa na que hai que contestar a todas as cuestións e é necesario rematala para que ésta quede validada. Segundo nos informaron, queda totalmente garantida a confidencialidade das enquisas xa que a AEAT non vai ter acceso aos datos da persoa que a realiza, só a información global da mesma. Vaise utilizar a metodoloxía do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo e esperamos sirva para mellorar as condicións de traballo de todo o persoal da AEAT, para iso é importante que haxa unha gran participación dos traballadores.

Rogos e preguntas:

Desde a CIG comentamos diversas queixas que nos están chegando sobre os recoñecementos médicos que se están a facer en Norprevención: resultados incorrectos, aspectos importantes comentados polos interesados que non figuran nos resultados, aspectos do recoñecementos que figuran como realizados e, en realidade, non son tal. En fin, isto pasa por deixar en mans privadas algo que ben se podía facer cos medios da Administración.